

Hai en Madrid un sector tolerante nisto das linguas. A súa intención non é, para nada, acabar co galego ou o catalán. Mais, polo que non pasa ese sector é polo concepto de

“lingua propia”. Din que iso de lingua propia constitúe unha entelequia indemostrábel, un invento dos nacionalistas. Están equivocados. Que Galiza ten unha lingua propia indícao o propio no-

me. O galego é a lingua de Galiza, o castelán de Castela e o catalán de Cataluña. Igual que se di que o apelido Ferreiro é propio de Galiza e Herrero de Castela. E igual que a toponimia. Ou non?♦

DIRECTOR: Alfonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Xosé Fernández Puga. Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²



Xurxo Mariño

‘Canto máis tempo tes a luz acesa, menos fillos fas’

H. VIXANDE
 É autor do libro *Os dados do reloxeiro. Ciencia amena para mentes inquietas*, unha obra de divulgación científica, asunto sobre o que debe saber, xa que é profesor universitario de fisioloxía.

As mentes inquietas, para que necesitan ciencia amena?

Puxen ese subtítulo porque as mentes inculcadas das humanidades tamén poden interesarse na ciencia, aínda que hai moitos que están acostumados a pasar pola vida sen pensar que somos bichos diante dun mundo rexido pola bioloxía.

Tan divorciados estamos da ciencia?

Por suposto que si, sobre todo cando persisten tantas pseudociencias e misticismos como as grandes relixións monoteístas ou os horóscopos dos periódicos. Usamos a tecnoloxía, pero non sabemos en que principios básicos se fundamenta.

Un dos artigos titúlase “Xenes, ambiente e minas antipersoas”, xa me dirá que ten que ver unha cousa coa outra.

Moitas cousas están moi relacionadas. A xenética pode axudar aos estudos ambientais. Hai plantas que cambian de cor segundo a terra na que están e as minas son unha aplicación dese principio. As minas desprenden unhas substancias tóxicas que poden cambiar a cor das plantas que están enriba e así podemos detectalas.

Iso da ciencia e a guerra están moi relacionadas.

Están, moitos descubrimentos científicos aparecen primeiro no campo militar porque o investimento dos Estados en armas é moi grande. Moitos científicos venden a alma ao demo por poder investigar.

Imaxino que logo se arre-



OTTO / AGN

pinten. Que llo pregunten a Alfred Nobel.

Arrepentíronse os da bomba atómica, pero Nobel penso que non. Lavou a alma, pero antes fíxose moi rico.

O que son as cousas, a Nobel recibíronlle nitroglicerina para as súas doenzas de corazón.

As substancias químicas son moi limitadas e moitas teñen varias aplicacións, unhas positivas e outras negativas. Nobel inventou a dinamita a partir da nitroglicerina, cando na súa época esta substancia xa se usaba para doenzas do corazón.

Iso da dobre utilidade dáse coa guerra e a ciencia, pero ta-

mén coa saúde e a enfermidade, senón que llo pregunten ás vacas tolas.

Esa enfermidade cáusana os prións, que son unhas proteínas capaces de transmitir unha malformación a outras proteínas sas, que logo se acumulan no cerebro. O curioso é que agora se sabe que os mesmos prións son os que se empregan para fixar a memoria no cerebro. Cando un proceso é natural, é positivo, pero como metamorfoseamos a man os humanos...

Falando de vacas, parece que non só é malo o zurro dos bovinos, o mexo humano agora tamén contamina.

Sucedec polos fármacos e dro-

gas que consumimos e que o corpo se encarga de eliminar polos ouriños, xa que as drogas sonlle alleas. O problema é que van canalizados aos ríos e non hai ningún tratamento de augas residuais para evitalo.

Unha das conclusións que se extrae do seu libro é que canto máis tempo tes a luz acesa, menos fillos tes.

Un principio biolóxico di que nas zonas frías os corpos son máis grandes porque a superficie corporal é menor que a masa corporal e daquela pérdese menos calor. Sobre ese principio, uns científicos estudaron os fluxos de enerxía no planeta e detectaron que as sociedades que máis enerxía consumen teñen menos fillos. A conclusión que sacaron era que se consumes moita enerxía a vida é máis cara e ter fillos tamén o é, por iso se teñen menos fillos.

Quizais por esa razón as cigarras teñen tantos fillos.

Cos fillos, hai dúas estratexias biolóxicas. Ter moitos producidos de forma barata, dos que logo sobreviven poucos, e ter moi poucos e investir moito en formos. As cigarras optan polo primeiro e xorden auténticas pragas, pero o interesante desta especie é que saen á superficie en ciclos de 13 ou 17 anos. Os seus predadores saen en ciclos máis estábeis e, por azar, a bioloxía das cigarras descubriu que se sae en ciclos de anos de números primos, é máis difícil coincidir cos seus predadores. Unha aclaración: un número primo é un que só se divide por un e por ese mesmo número.

Cónteme, cando vai ser a próxima praga de cigarras.

Aquí non hai esas especies, pero no nordeste dos Estados Unidos, en 2020.♦

GALICIA cultiva castes de uva que producen OS MELLORES BRANCOS DO MUNDO.

Disfrúteos e saboréeos facéndose socio do

CLUB DE VIÑOS DE GALICIA

¡SER SOCIO É GRATUÍTO! (non supón pagamento de cotas, só o que consuma)

Poñemos no seu domicilio unha selección dos mellores viños galegos: (elaborados coas variedades **ALBARIÑO, GODELLO, TREIXADURA, CAÍÑO, LOURERA, MENCIA**), augardentes artesanais, meles, conservas e calquera outro produto que, pola súa calidade e elaboración, pague a pena dar a coñecer.

¡NON AGARDE MÁIS! FÁGASE SOCIO e como **BENVIDA** ao club, reciba unha selección de 6 botellas de albariño da última colleita a un prezo excepcional **POR SÓ 54,50 EUROS.**



Medios públicos

XOSÉ RAMÓN POUSA

Os medios de comunicación públicos necesitan unha redefinición. Todos. Os do Estado, os das comunidades autónomas e os locais. Temos un sistema de medios públicos custoso, malo e pouco fiable, case que sempre pola crecente dependencia do poder político e pola minguante influencia da profesionalidade. Neste sentido, todos puxemos unha pequena esperanza no esforzo do “comité de sabios” que pretendía arranxar o problema, comezando polo gran monstro: a RTVE. Agora contemplamos abraiados as primeiras consecuencias perversas dunha actuación que vai máis encamiñada ao desmantelamento que á transformación.

A RTVE decidiu o peche da mítica *Radio 4* en Catalunya, a emisora máis veterana da radio en catalán, —os galegos xa o sufrimos hai case que unha década— e a supresión da práctica totalidade das desconexións televisivas territoriais. Algo que afecta de forma definitiva ás nacións e nacionalidades do Estado que contan cunha lingua propia e co compromiso de defensa desa realidade cultural dende o aparato do Estado. Pasa que a débeda que arrastra a RTVE supera os 7.551 millóns de euros, unha cifra mesmo difícil de imaxinar e, para aforrar, vese que se quere empezar xusto polo que menos costa e máis servizo público representa.

Radio 4 foi unha emisora clave no proceso de consolidación mediática do catalán e, no seu momento, do galego, así como as desconexións da TVE contribuíron a equilibrar un panorama audiovisual totalmente descompensado.

A medida foi adoptada coa complicitade ou o silencio cómplice dos medios privados. Como consecuencia directa deste recorte, o espazo das linguas minorizadas vai diminuír en case que un 20% nos medios públicos, incrementándose na mesma proporción o predominio do español. E o que aínda é máis importante, a información de proximidade, a visión do mundo dende onde estamos, tamén desaparece. Unha vez máis, microfónos e cámaras situáanse lonxe dos receptores e aos profesionais máis solventes estállles a quitar o seu oficio. Dende aquí a nosa denuncia.♦